

Cuestións de preparación e reflexión. Modernidade (Descartes, Locke, Hume e Kant)

1. Ciencia. Filosofía. ¿A verdade ou a falsedade dunha teoría científica ou filosófica establécese en base a súa concordancia coa fe, isto é, cos libros sagrados?, ¿unha tese científica ou filosófica resulta verdadeira ou falsa por estar respaldada ou ser rexeitada polas autoridades eclesiásticas ou civiles?, ¿que exemplos podes aportar para ilustrar o conflito que se ten dado na modernidade entre a ciencia e a filosofía, por unha parte, e a relixión, pola outra?, ¿que científicos ou filósofos e que teorías científicas ou filosóficas coñeces que foran censuradas polas autoridades relixiosas?, ¿en base a que motivos rexeitaba a Igrexia esas investigacións científicas ou filosóficas?, ¿trátase dun argumento científico?

2. Ética-Moral. ¿Deben ser as autoridades eclesiásticas ou as civiles as que determinen o que é moral ou inmoral?, ¿que significa ser unha persoa moralmente autónoma?, ¿resulta compatible coa aceptación dun código moral fixado polas autoridades eclesiásticas?

3. Política-Dereito. ¿As leis e as institucións políticas dun Estado deben ser establecidas polas autoridades eclesiásticas? En caso de conflito entre o Estado e a Igrexia, ¿que normas deben prevalecer: as leis ou os mandatos relixiosos?, ¿que nome reciben aqueles Estados nos que as normas xurídico-políticas teñen o seu fundamento nunha doutrina relixiosa?, ¿como denominamos aos Estados nos que o ordeamento xurídico e as institucións políticas non teñen a súa base nos libros sagrados dunha relixión?